

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.R.A. NOSA SEÑORA DO FARO

CURSO: 1º PRIMARIA

MATERIA: RELIXIÓN

DEPARTAMENTO:

DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación( 1º Primaria)	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.	Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia. CCL, CD,CAA,CSC.
Comprender o significado do relato bíblico «As primeiras familias cristiás».	Anota comportamentos propios das primeiras familias cristiás. CCL, CAA, CSC.
Describir unha pintura sobre algún Santo ou Virxe que teñan na casa..	Signala nunha expresión artística a representación da atención aos pobres.CCL,CAA,CEC.
Interiorizar o valor de colaborar coa familia.	Identifica situacións nas que colabora coa súa familia. CCL, CAA, CSC
Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.	Coñece e expresa o sentido do domingo. Memoriza un canto de loanza. CCL, CAA,CSC,SIEP,CEC
Descubrir o contido do relato bíblico «Xesús e as festas».	Expressa o lugar e día da semana en que Xesús celebraba a festa. CCL, CAA,CSC.
Interpretar un cadro sobre Xesús na sinagoga.	Intercambia coa súa familia o sentimento que esperta esta escena. CCL, CAA, CSC,CEC.
Describir en que consiste o valor de participar nas festas.	Describe en que consiste o valor de participar nas festas. Completa un debuxo dedicado á Virxe María. CCL, CD,CAA,CSC.
Distinguir os espazos e os tempos sagrados doutros lugares e tempos.	Expressa o respecto ao templo como lugar sagrado. CCL, CD,CAA,CSC,CEC
Ler e expresar o contido do relato: «A presentación de Xesús no Templo».	Expressa o contido do relato «A presentación de Xesús no Templo». CCL, CAA,CSC.
Contemprar e interpretar unha pintura relixiosa que teñan na casa.	Dialoga sobre a escena e os personaxes que aparecen nunha obra artística. CCL, CAA,CSC,CEC.
Apreciar os obxectos relixiosos do templo.	Expressa en que consiste o valor de apreciar a arte.

	Identifica obxectos relixiosos do templo. CCL, CD,CAA,CSC,CEC.
--	--

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

### Avaliación

Procedementos: No referido ó procedemento destacar que a avaliación das aprendizaxes desenvoltas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo.

A avaliación final das aprendizaxes do/a neno/a considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso. De modo que a avaliación final será o resultado da media dos dous primeiros trimestres e a diagnose do traballo realizado durante o terceiro trimestre de clases non presenciais. Tendo en conta que a diagnose do terceiro trimestre non terá un efecto.

A avaliación será continua, coa análise dos traballos realizados polos alumn@s, a súa actitude, interese, ...

Ao final do proxecto realízase, ademais da avaliación sumativa, as conclusións e programarase para o 2020/2021 tendo en conta as modificacións realizadas.

Serán avaliados do 1 ó 10 según o tanto por cen de ítems acadados.

Instrumentos: Os instrumentos de avaliación do terceiro trimestre serán: a valoración do traballo realizado, rexistro de actividades , participación, motivación, o interese mostrado no desenrolo de actividades e tarefas e a actitude que cada alumno/a amosara nas actividades propostas. En todos os casos terase sempre presente as dificultades de carácter tecnolóxico, social ou persoal de cada neno/a.

Polo que, o principal instrumento de avaliación serán os rexistros individuais do alumando. O seguemento diario de cada alumando refléxase nun acta de seguemento semanal que se sube á moodle do centro e será recuperada no momento de realizar a avaliación do terceiro trimestre.

	<p>Adaptarase de modo que, dado a tipoloxía do ensino (videoconferencias, chamadas telefónicas,...) especialmente no caso de alumnado con dificultades (persoais, familiares, tecnolóxicas,...) o seguimento será polos medios adaptados en función das condicións reais de cada alumno/a de xeito que non penalice a actual situación transitoria e/ou a falta de medios/conectividade/recursos progresando nunha avaliación positiva do enfoque competencial.</p> <p>Será tamén sobre a realización dos obxectivos, adquisición das competencias, os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe serán o referente.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final será numérica e coincidirá coa media dos dous trimestres anteriores mellorada en función do seguimento do terceiro trimestre , non valorando só o académico ,senon, a súa actitude, interese, compañerismo,.. e, só no caso de darse algunha situación excepcional (alumnado non localizable, familias non colaborativas,...) a cualificación non podería chegar a ser negativa pero recolleríase nun informe persoal de cara a programar medidas de atención individuais no seguinte curso académico.</p> <p>De darse o caso dunha avaliación final de etapa negativa das competencias necesarias recollerase no informe final de etapa os atrasos que puidesen producirse integrándoos nun plan de recuperación dos mesmos de cara á programación do curso seguinte.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación:

	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

PROPOSTA DE TRABALLO DURANTE O PERIODO DE ALARMA PROVOCADO POLO COVID-19 PARA A TERCEIRA SEMANA DE MARZO.

#### RELIXIÓN



#### Actividades



Falar en familia sobre os valores que estamos vivindo en especial estes días (xenerosidade, empatía, responsabilidade)

Ver videos en familia e despois comentar os sentimentos que transmiten. Algúns





exemplos: pajaritos de pixar,cloudy partially, del revés...




Escribir mensaxes positivos para papá,mamá,irmáns,avós... e deixalos por distintos lugares da casa (nevera,habitación...)

Ex: Todo vai ben, quérote moito...



Debuxo ou manualidade para regalar a papá polo seu día.

Ex: coller un rolo de papel hixiénico e o decoramos con papeis de cores. Facemos un corte no centro e cravamos catro

		<p>chinchetas aos extremos. lograremos un <b>soporte para o móbil de papá.</b></p>	
	 <p>Tolerancia Respecto Xenerosida</p>	<p>Colorear debuxos que fomenten valores.</p>	
<p>PROPOSTA DE TRABALLO DURANTE O PERIODO DE ALARMA PROVOCADO POLO COVID-19 PARA A CUARTA SEMANA DE MARZO.</p> <p>RELIXIÓN</p>			



### MANUALIDADE DE PASCUA

-Usaremos un vaso e unha culler de prático. Para as orellas e a herbiña podedes usar materiais que tendes na casa: tea verde, cartulina, folios rotuladores...



Debuxar un ovo de Pascua e decoralo con distintos materiais: recortes de revista, plastilina, pan raiado, arroz...



### SEMANA SANTA

- **Domingo de Ramos:** Xesús entra en Xerusalén proclamado rei. O pobo aclámao con ramos de oliva. Levamos o ramo á misa.
- **XOVES SANTO:** Xesús cea con seus mellores amigos os 12 apóstolos.
- **VENRES SANTO:** Xesús é crucificado.
- **DOMINGO DE PASCUA:** Xesús resucita e todos o celebramos co roscón e ovos de Pascua.

#### ACTIVIDADE:

- Falamos cos nosos pais e avós sobre a Semana Santa:

-Como era antes?

-Seguen as mesmas costumes?

Cales si e cales non. Apúntaas nun folio.

- Aproveitar para falar dos valores de pedir perdón, unión, amizade, compañerismo
- Fai un debuxo onde se reflexe un destes valores.


PROPOSTA DE TRABALLO DURANTE O PERIODO DE ALARMA PROVOCADO POLO COVID-19

PROPOSTA ACTIVIDADES MES ABRIL

RELIXIÓN-VALORES



Aprendemos a rezar algunha oración cos nosos pais e avós.

.EDUCACIÓN INFANTIL: Jesusito de mi vida, cuatro esquinitas, ...imitación de xestos para rezar.

PRIMARIA: Padre Nuestro, Ave María...(Os que teñan internet poden poñer :youtube:padreuestroinfantil e Ave María infantil e poderán aprendelos en forma de canción.



- Podemos identificar elementos que nos axudan a rezar.
- Explicamos que rezamos para pedir axuda, dar grazas por todo o que temos e somos, contar os nosos problemas...e nesta ocasión podemos pedir polos enfermos de coroavirus para que pronto se recuperen e todo volva a normalidade.



Podemos rezar sos, en familia ou na igrexa.

Debuxar unha igrexa (con campá, unha cruz, vidreiras...)



## A FAMILIA


- Que fas coa túa familia?(axudámonos,xogamos xuntos,compartimos,coidámonos...)
- Que actividades fago en familia?
- Con que tarefas podo colaborar?

### Actividades

- Escribe palabras e xestos que favorezan a boa convivencia.
- Debuxa unha tarefa que fas en familia.
- Debuxa o que mais che gusta facer en familia.
- Escribir unha carta o facer un debuxo para as persoas enfermas de coronavirus. Esto pódese enviar ao correo:  
[cartas.venceremos.covid19@gmail.com](mailto:cartas.venceremos.covid19@gmail.com) e chegaralle aos enfermos por medio das enfermeiras.



		<p>- Curtos para traballar e fomentar os valores.  <a href="http://www.ayudaparamaestros.com/2019/11/17-corto-geniales-para-trabajar-los.html">http://www.ayudaparamaestros.com/2019/11/17-corto-geniales-para-trabajar-los.html</a></p>	
<p>RELIXIÓN- VALORES- MAIO</p> <p>INFANTIL- PRIMARIA</p>			



## MES DE MAIO. MES DAS FLORES, DA VIRXE MARÍA.

- Ofrecerlle flores a virxe María, rezarlle unha Ave María ou cantarlle unha canción que saiban os avós, papás...
- Preguntar aos avós que cancións e oracións coñecen para a virxe María.
- Os avós, papás podédelles contar aos nenos/as que obxectos relacionados con Xesús, María... teñen dende pequenos (medalliña, concha do bautismo...)
- Aprender a respetar as pertenzas dos demais, o valor sentimental hacia certos obxectos que temos.



### CONVERSAMOS

- Visitaches algunha vez unha igrexa?
- Que fixeches na igrexa ?
- Obxectos que pode haber nunha igrexa( copón, Cáliz, Pía Bautismal, Cirio Pascual, Santos...)

### ACTIVIDADES

- Moldear con plastilina ou material de refugallo un dos materiais que máis lle gusta dos que viu na igrexa.(ex: unha cruz con papeis das madalenas pintadas e decoradas, o copón con plastilina amarela...



- Debuxarse nunha igrexa rezando, levando flores...
- Averiguar que obxectos relixiosos pode haber na súa casa ou no seu barrio (medallas, cruceiro, pinturas...)



### LEMBRAR A FESTA DO POBO

- Debuxarse nela.
- Que é o que mais lle gusta da festa?
- Que fas ese día?
- Preguntar aos avós como se celebraban antes e como se celebran agora. Hai diferencias? Apúntaas nun folio ou debúxaas.



## DÍA DA NAI



## MANUALIDADE

Facer unha manualidade con material de refugallo que teña na casa ou debuxo para regalarlle a mamá nese día tan especial.  
Ex: a súa man con plastilina para que mamá garde as súas xoias, un portavelas con vaso de cristal e papeis de cores, flores con hueveras e palliñas de dedo, postal cos papeis das madalenas,

## ANIVERSARIO

Lembrar o día do seu aniversario.





- Facer un debuxo do que mais lle gustou dese día. Pódese aportar fotos de ese día .

RESPECTAR AOS DE MAIS



- Respetar aos demais, adquirir hábitos de axudar aos demais, os bos xestos na relación cos demais, xestos de amor ( en especial estes días de confinamento )

Ex: ir con mamá a farmacia por medicamentos para o veciño/a que é unha persoa maior e non pode saír da casa ou facerlle a compra ,chamar o veciño/a e e preguntarlle se está ben e falar con el/ela...




### A NATUREZA




Aprender a respectar e valorar a natureza.

- Mira pola ventá durante uns minutos. Identifica elementos da natureza naturais .  
Ex: animais, plantas, sol, nubes...  
Escríbeos nun folio ou debúxaos.
- Como podemos coidalos ?
- Que elementos da natureza hai nunha celebración cristiá ?  
Ex: flores, oliva...



## CURTAS PARA TRABALLAR DIFERENTES VALORES



### **Power of teamwork (traballo en equipo)**

<https://www.youtube.com/watch?v=vtXKQOtNWPg>

### **Ian (inclusión)**

<https://www.youtube.com/watch?v=ecctx69WjO4>

### **Give into giving (axuda)**

<https://www.youtube.com/watch?v=CZAz4NCUPck>

### **Por cuatro esquinitas de nada (diversidade )**

<https://www.youtube.com/watch?v=DBjka zQBdQ>

**A joy story (empatía)**

<https://www.youtube.com/watch?v=ZQGuVKHtrxc>

**Bridge (respeto)**

<https://www.youtube.com/watch?v= X AfRk9F9w>

**Piper (valentía)**

<https://www.youtube.com/watch?v=3KlpoD7yMhQ>

**Reach (xenerosidade)**

<https://www.youtube.com/watch?v=H5bt3YyYAes>

**Fantastic flying books (a importancia da lectura)**

<https://www.youtube.com/watch?v=Ad3CMri3hOs>

**Monsterbox (amizade)**

<https://www.youtube.com/watch?v=OczEHXRU9WU>

**A cloudy lesson (paciencia)**

<https://www.youtube.com/watch?v=Da1jeEcpG0>

**Changing batteries (familia)**

<https://www.youtube.com/watch?v=O yVo3YOfgqQ>

**Presto (humildade)**

<https://www.youtube.com/watch?v=mmPO Meh390>

**El vendedor de humo (honestidade)**

<https://www.youtube.com/watch?v=5NH8C8mdzU>

**Lemon (medio ambiente)**

<https://www.youtube.com/watch?v=Oe2zKOV2XPA>

**Lucky you (alegría)**

<https://www.youtube.com/watch?v=OphxvFobOjO>

**Alike (creatividade)**

<https://www.youtube.com/watch?v=PDHIyrfMIU>

**Snack attack (prexuízos)**

<https://www.youtube.com/watch?v=38y1EWIE9I>

**The Egyptian Pyramids (novas tecnoloxías)**

<https://www.youtube.com/watch?v=j6PonHsqWO>

**Hair love (solidariedade.enfermidade)**

<https://www.youtube.com/watch?v=kNwSVFkw28>

Non se insertan as actividades detalladas do mes de xuño, dado que serán de repaso. (ampliación si procede).  
En función do avance de cada nen@.

**Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen**

Alumnado con conectividade: entre este tipo de alumnado danse diferentes casuísticas:

- a) Con conexión de datos suficiente: ten acceso persoal ás actividades por medio da familia (NUBE do CRA)
- b) Con conexión de datos inestable ou baixa: ten acceso ós materiais e recursos por medio do correo electrónico e/ou



<p><b>conectividade)</b></p>	<p>de aplicacións (WhatsApp)</p> <p><u>Alumnado sen conectividade:</u> fáiselles chegar o material e os recursos por medio da canle que estableceu o Concello.</p> <p>A metodoloxía inclúe videochamadas (individuais e/ou grupais, segundo proceda) co alumnado que ten medios, recursos e coñecementos suficientes. Con aqueles casos nos que non é así, faise por medio de chamadas telefónicas. Dende o CRA colaborouse na mellora das situacións familiares en canto a medios (ordenadores, táblats,...) polo que a metodoloxía se foi adaptando segundo o momento e a familia particular.</p> <p>Na actualidade continúaase a mellorar as situacións individuais de cada familia dende o Concello. No momento en que cambien as circunstancias tamén se adaptará a metodoloxía á realidade actual. Aínda así, aquelas familias que manifestan o desexo de continuar coas chamadas telefónicas (polo motivo persoal que expoñan) tentárase darlles resposta segundo as súas necesidades. Traballando tamén a motivación do alumnado e manténdoo no proceso de E/A.</p> <p>Cómpre destacar que, na medida do posible, se manteñen horarios flexibles e adaptados de traballo e descanso, en función de cada caso particular (mañán, tarde,...) co obxectivo de dar resposta individualizada e non sobrecargar; así como de continuar o enfoque metodolóxico activo e favorecer a aprendizaxe significativa. Deste xeito manteremos uns hábitos e rutinas que contribúan a manter as aprendizaxes globais do noso alumnado.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Na actualidade trabállase baixo a lupa dos materiais e recursos que cadaquén ten nos seus fogares. Na medida do posible establécense opcións de execución das actividades que inclúan as múltiples situacións concretas, deste xeito dase resposta individualizada por familia e aténdese mellor á diversidade existente; ó tempo que se favorece a creatividade e imaxinación do alumnado e se continúan potenciando as aprendizaxes vivenciais e contextualizadas que contribúen ó positivo desenvolvemento das competencias.</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

PÁXINA 33 DE 34

CENTRO:  
CURSO:  
MATERIA:

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A información chega mediante : Nube, whatsapp, correo electrónico, webex, zoom, audios, fotos,... dependendo da situación do nen@.
<b>Publicidade</b>	Pásaselle o equipo directivo e este encargase de subila.